

DECLARACIÓN EN FAVOR DO MULTILINGÜISMO NO ENSINO SUPERIOR

Malia que este documento non ten efectos xuridicamente vinculantes, a ECSPM declara o seu compromiso público de contribuír activa e construtivamente ao desenvolvemento de políticas en favor do multilingüismo na educación superior (ES). A Declaración está aberta ás sinaturas de persoas e organismos que se dedican ás alfabetizacións e as epistemoloxías multilingües, á diversidade lingüística e ao respecto polos dereitos lingüísticos, e especificamente de: (a) centros de investigación/académicos, organizacións, federacións, asociacións (con ou sen personalidade xurídica); (b) persoas físicas, na súa calidade de membros de centros académicos e outros organismos.

PREÁMBULO

As políticas de internacionalización, as cales interesan a un número cada vez maior de institucións de ensino superior (IES), así como a organismos políticos nacionais e supranacionais, teñen por obxecto —ou iso afirman— melloraren a calidade do ensino superior nun mundo cada vez máis interconectado. No caso da Unión Europea, as iniciativas de políticas de internacionalización están orientadas cara á consecución dunha maior equidade entre os sistemas de ensino superior no contexto do “Espazo europeo de educación”, a través do fomento da cooperación transnacional, das asociacións entre as IES e da colaboración entre os Estados membros da UE para conseguir crear “sistemas nacionais de educación e formación inclusivos”. Con todo, esta internacionalización conduciu paulatinamente a un maior uso do inglés como “lingua académica”, ao inglés como lingua de instrución (ILI) e á anglicización da ES. Malia que existen cada vez máis evidencias dos inconvenientes respecto do emprego exclusivo do inglés na docencia, na investigación, nas publicacións académicas e na creación de redes sociais, as autoridades nacionais e as persoas con responsabilidades políticas préstalle un maior apoio ao uso do inglés como medio para o desenvolvemento económico, a modernización e a comunicación global. Porén, o uso do inglés en detrimento da lingua ou linguas oficiais/nacionais, así como das linguas rexionais ou minoritarias, pode levar ao abandono destas en ámbitos específicos e á conculcación dos dereitos lingüísticos. Ademais, o uso do inglés no lugar doutras linguas con ou sen un significativo capital cultural ten consecuencias para a diversidade lingüística e cultural, e provoca un empobrecemento do coñecemento social e epistemolóxico.

DECLARACIÓN XERAL

As persoas e os organismos asinantes da Declaración en favor do Multilingüismo na Educación Superior, redactada pola Plataforma Europea da Sociedade Civil para o Multilingüismo (PECSM), apoian os principios básicos da “Iniciativa Helsinqui sobre o Multilingüismo na Comunicación Académica”¹, acordan comprometerse a contribuír á toma

¹ Velaquí un resumo da Iniciativa Helsinqui sobre Multilingüismo (<https://www.helsinki-initiative.org/gl>): (1) Apoiar a difusión de resultados de investigación en beneficio da sociedade, garantindo: a) que as investigadoras e os investigadores sexan recoñecidos por difundiren resultados de investigación máis aló do ámbito académico e por interactuaren co patrimonio, a cultura e a sociedade; b) o acceso igualitario ao coñecemento científico en distintas linguas. (2) Protexer as infraestruturas nacionais que permiten a publicación da investigación local relevante, garantindo: a) que as revistas científicas e as editoriais con finalidade non lucrativa teñan recursos abondos e o apoio necesario para manteren altos estándares de control de calidade e de integridade na investigación; b) a protección das revistas e das editoriais nacionais na súa transición cara ao acceso aberto. (3) Promover a diversidade lingüística nos sistemas de avaliación e de financiamento da investigación, garantindo: a) que, nos procesos de avaliación por pares, a investigación de alta calidade se valore independentemente do idioma ou canle de

de decisións políticas e prácticas que estean en liña coa Recomendación CM/Rec(2022)1, que adoptou o Comité de Ministros do Consello de Europa sobre "A importancia da educación plurilingüe e intercultural para a cultura democrática"². Respecto do ES en particular, as persoas asinantes comprométese a:

- salvagardan e apoian o uso de varias linguas, ademais da(s) lingua(s) das IES, na gobernanza, a investigación e as publicacións, o ensino e a aprendizaxe, e mais na comunicación
- garanten e reforzan o plurilingüismo, especialmente no ensino e a aprendizaxe, a colaboración transnacional en investigación e
- favorecen o emprego de ferramentas de tecnoloxía da linguaxe destinadas ao ensino e a aprendizaxe que faciliten o uso de diferentes linguas.

SENSIBILIZACIÓN

As persoas e os organismos asinantes da Declaración do PECSM en favor do Plurilingüismo no Ensino Superior comprométese a contribuír á sensibilización das súas autoridades universitarias, como tamén ao coñecemento por parte das persoas responsables das políticas lingüísticas, da xestión lingüística e da elaboración de plans de estudos, directores de unidades de investigación, académicos, investigadores, estudantes, persoal docente e administrativo, para fomentar como sociedade civil que:

- 1) A competencia na lingua oficial/nacional, na materna ou en calquera outra lingua aprendida non garante a alfabetización epistemolóxica nesa lingua, o que implica prácticas discursivas moi diferentes ás das alfabetizacións vernáculas. Secasí, ambas son importantes para a construción de significados no contexto educativo, tanto para o alumnado como para o profesorado.
- 2) Cando se ensina ou estuda nunha lingua distinta da propia, non se pode esperar que se produza unha variedade nativizada desta lingua.
- 3) É importante animar o alumnado e o persoal universitario a que fagan uso de todas as linguas e variedades lingüísticas que teñen no seu repertorio para conseguiren unha comunicación significativa nos diferentes contextos da súa vida académica.

RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS

As persoas e os organismos asinantes da Declaración do PECSM en favor do Plurilingüismo no Ensino Superior formulan as seguintes recomendacións para que sexan adoptadas polas autoridades políticas, as organizacións internacionais, nacionais ou estatais, as axencias, universidades, centros de investigación, financiadores de investigacións e investigadores:

1. Ofrecer oportunidades para que diferentes linguas (non só o inglés) sexan o medio de ensino en programas, cursos e módulos, xunto coa lingua oficial da institución.
2. Hai moitas linguas "invisibles" en todas as institucións educativas e debería haber espazo para que esas linguas se fagan visibles e se recoñezan.
3. Proporcionar as condicións axeitadas para unha selección de linguas que garanta a calidade da educación.
4. Asegurarse de que o profesorado que imparte cursos en linguas distintas da lingua oficial da institución teña competencia epistemolóxica nesas linguas.
5. Débese axudar ao alumnado foráneo a integrarse na comunidade académica e, por tanto, ofrecerlle a oportunidade de recibir clases de apoio e intensivas de lingua.
6. Evitar experiencias educativas exclusivamente monolingües/monoculturais (por exemplo, proporcionando bibliografía, ferramentas de tecnoloxías da linguaxe, vídeos en diferentes idiomas).

publicación; b) que, cando se utilicen sistemas baseados en métricas, se tomen en consideración, axeitadamente, revistas e libros publicados en todas as linguas.

² <https://www.coe.int/en/web/education/-/new-council-of-europe-recommendation-on-the-importance-of-plurilingual-and-intercultural-education-for-democratic-culture>

7. Débese alentar os grupos de investigación interuniversitarios a que tomen decisións respecto de que lingua(s) van utilizar en diferentes momentos (durante a interacción, a difusión dos resultados da investigación, a publicación dos resultados).
8. Fomentar a tradución e o uso conxunto das linguas e investir en ferramentas de tecnoloxías da linguaxe.

Traducido por: Gregorio Ferreiro Fente